

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2007/12
CARACTER: ORDINARIO

CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 16 de xullo de 2007.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas do día **16 de xullo de 2007** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter ORDINARIO ,baixo a presidencia do Sr.Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina
D. José Duarte Díaz
Dona Begoña Sanjurjo Santar
D.Jesús López Penabad

PSG-PSOE

D. Balbino E.Pérez Vacas.
D. Carlos Pérez Méndez.
Dona María José Rodríguez Arca

U.P.R.I.

D.Francisco Rivas Alvarez
D.Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario Xeral:

D.Manuel J. Díaz Sánchez.

Interventora:

Dona Maria José Vázquez Rigueira
(incorpórase iniciada a sesión)

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

2007/01/47.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 7 DE XULLO DE 2007.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias do borrador da acta correspondente á sesión de data 7 de xullo de 2007, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2007/02/48.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE A NUMERO 110/2007 DE 2 DE MAIO Á 149/2007 DE 28 DE XUÑO.-

Dada conta das resolución epigrafiadas iniciase deliberación.O Sr.Rivas Alvarez , do Grupo Municipal de UPRI que pregunta á Alcaldía en primeiro lugar sobre o Decreto 18/05, no número 507 que se refire a unha actuación para o día 21 de xullo de 2007 e sinala que aínda non se chegou e pregunta se se pagou; toda vez que existe un fallo de suministro eléctrico no Salón de Sesións o Sr.Rivas reitera a súa pregunta.

A Sra.Concelleira dona Mari Luz Alvarez Lastra indica que pode ser un erro.

De seguido o Sr.Rivas Alvarez da UPRI pregunta tamén ao Sr.Suárez Barcia sobre gastos de facturas que a empresa AQUAGEST pasa ao Concello e sinala que segundo o contrato o Concello ten a obriga de pagar os materiais en certas obras pero non noutras e toda vez que o Sr.Alcalde lle pide que formule unha pregunta concreta o Sr.Rivas Alvarez pregunta por unha factura de material para arranxos de averías en Ove e dí que se refire ao número 510 do mesmo Decreto, material para obras de arranxo en Ove, e dí que se refire a obras e saneamento de Ove e diverso material de traballos na Autovía.

O Sr.Suárez Barcia contesta que tería que ter as facturas de cada un dos Decretos que están aquí aprobados , pero que o Concello pode pagar os materiais para obras que non estean dentro da concesión de AQUAGEST, e porque AQUAGEST ten a obriga respecto á rede de augas e saneamento que leva , pero que si o Concello quere amañar en Ove , non sabe exactamente que era, por exemplo poñer unha fonte, ou se fixeron na Autovía algunhas operación de mellora que non tiñan nada que ver coa rede habitual e co mantemento habitual.

O Sr.Rivas Alvarez volta a manifestar que hai unha factura que pon en concreto “material para arranxo de averías” e o Sr.Alcalde lle resposta que tería que miralo e o Sr.Rivas Alvarez volta a preguntar sinalando que quere saber se o Concello ten a obriga de pagalo ou non.

O Sr.Alcalde contesta ao Sr.Rivas Alvarez que si está aquí aprobado podería ser un erro pero pensa que pode ser que en Ove amañaron un depósito de incendios e que a AQUAGEST non lle corresponde, pero que non o sabe agora , e que non esta dicindo que sexa esta factura , pero que o millor lle pediron a AQUAGEST un tipo de material e igual por iso o recoñecen e o pagan, do mesmo xeito que se lle piden unhos tubos.

Incidentalmente intervén a Sra.Alvarez Lastra que facilita a data a que se referiu a pregunta anterior do Sr.Rivas Alvarez , segundo o Programa de Actividades Culturais, sinalándose por éste que debe rectificarse a data no Decreto.

Formula unha nova pregunta o Sr.Rivas Alvarez respecto ós Decretos do 28 de maio num.534 e 536 en que figuran dous conceptos, unha quinta fase de asistencia técnica e outra de fabricación e instalación de sinais do PDT de Ribadeo, e pregunta se houbo dúas empresas unha para asesoramento e concepción e outra para a fabricación.

Toda vez que o Sr.Alcalde contesta que non o sabe, o Sr.Perez Vacas do Grupo Municipal Socialista dí que houbo dúas empresas unha que se encargou do estudio e outra da fabricación e fai referencia a que houbo os correspondentes pregos de condicións.

Non habendo máis debate o Pleno municipal dase por enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a número 110/2007 de 2 de maio á número 149/2007 de 28 de xuño, aos efectos procedentes.

2007/03/49.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO CONVENIO CO CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE DÍA DE RIBADEO.

Por parte da Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe literalmente:

“Por parte do traballador social do Concello dase conta da negociación efectuada e das características do Convenio a asinar, facendo referencia a que o Concello aportará aproximadamente unha terceira parte dos custos de funcionamento , se ben se valorarán nesa porcentaxe os servizos prestados por eses conceptos.

Por parte do portavoz do Grupo Municipal do PSG-PSOE, Sr.Pérez Vacas manifestase que mantén o mesmo criterio respecto á cesión de uso que viña sostendo, polo que anuncia o seu voto favorable.

Os portavoces dos Grupos municipais do PP Sr.Rodríguez Andina e do Grupo de UPRI Sr.Reymondez Gancedo anuncian que se reservan para o Pleno , sinalándose por Secretaría que se contabilizarán como abstencións.

A Comisión, por catro votos a favor (dous do Grupo do BNG e dous do Grupo do PSOE) e 3 abstencións (dúas do Grupo Municipal do PP e unha do Grupo UPRI), acorda dictaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal o Convenio co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar para a xestión do Centro de Día A Concordia de Ribadeo.”

Iníciase a deliberación manifestando o Sr.Alcalde que esta negociación procede do goberno anterior e neste mandato non lle cambiaron nada, e aínda máis, que a negociación a levaba o anterior Alcalde, xa que o seu Grupo tiña a delegación de Servizos Sociais e que lles parece correcto que o Consorcio asuma a xestión do Centro de Día reservándose as condicións que no seu momento se teñen negociado, e consideran que con este Convenio o Concello terá que pagar unha parte do que son gastos xerais pero en ningún caso será superior, nin chegará a un tercio, porque so van ser certos gastos como teléfono, mantemento , luz , etc. e o Consorcio pagará o que é o persoal, e ao mesmo tempo, a proba a teñen en que están agora nun proceso de selección do persoal por parte do Consorcio, polo que ademáis de manter as prazas que xa había agora mesmo, vai ampliarse en sete máis para garantir máis servizo e que poida haber máis xente aproveitando as instalacións.

Intervén a continuación o Sr.Rivas Alvarez do Grupo municipal de UPRI que sinala que non teñen inconveniente en votar a favor deste asunto sempre que se respecte o Convenio existente coa Asociación A Concordia, que era un Convenio previo, e que efectivamente vai repercutir en que o Concello non teña que aportar gastos importantes sobre todo en gastos de persoal que é un dos maiores elementos de gasto nun centro destas características e sinala que o seu Grupo vai votar a favor, e reitera que quere deixar claro que se respecte ese Convenio coa Asociación A Concordia e que quede intacto.

Intervén o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que como moi ben se dixo dentro do que foi a negociación do anterior Goberno municipal neste asunto un dos principais obxectivos que tivo foi precisamente que se respectase na súa integridade o convenio coa Concordia xa que esta Sociedade participou cunha aportación económica importante no que foi o Centro de Día e que o seu Grupo entende que coa aprobación se procede deste Convenio, o Centro de Día vai gañar en canto vai a ser unha xestión por profesionais dun Centro que o Grupo Socialista entende que ten grande capacidade e teñen un interese xeral en que funcione e dende o punto de vista dos investimentos que pola Xunta se van facer nese Centro de Día creen que estaba infraexplotado, e que se abren máis posibilidades coa dotación do novo persoal e a continuación do persoal, e que van ter un Centro de Día moi importante para dar servizo aos cidadáns e ademais con ese obxectivo de que se respectaron as condicións do Convenio entre o Concello e a Sociedade A Concordia e anuncia o voto do Grupo Socialista a favor.

Intervén o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que sinala que como xa dixeron o outro día na Comisión este asunto arranca da creación dun Consorcio ó que se opuxeron no seu momento, tanto a nivel de Ribadeo como a nivel xeral, xa que entende o seu Grupo que o Consorcio o que fai é eliminar a autonomía municipal, e é vincular o que se poida facer en cada Concello a un Ente superior que ao final vai ter a maioría para poder determinar cales son os pasos que hai que dar na xestión correspondente, neste caso nos Centros de Día, e non lles parece por iso unha boa medida; prosegue sinalando o Sr. Rodríguez Andina que ao seu Grupo lles parece que a autonomía municipal é algo que hai que tratar de respectar sempre, incluso máis de defender que de respectar e que cree que a Xunta actual está creando excesivas figuras deste tipo e que o que están facendo é agredindo a esa autonomía municipal, tratando de xestionar dunha forma xeral algo que depende en moitos casos da singularidade de cada Concello, e que polo tanto se opoñían a ese Consorcio pero que agora ben, unha vez incorporados a ese Consorcio como están, dende logo o estudio que está feito é bo en canto ás posibilidades que se abren economicamente, e para eliminar esta especie de contradicción xa que non lles parece ben a existencia do Consorcio pero tampouco se van a negar a que o Concello aforre cartos una vez que están nun sitio donde non querían estar, o seu Grupo vaise abster.

O Sr. Alcalde manifesta que pensa que o asunto está suficientemente sustanciado e que somentes quere comentar un punto e que é concretar que a Comisión de seguimento á que lle corresponde segundo a cláusula 4ª a vixilancia e seguimento do Convenio existe unha Comisión paritaria entre o Consorcio e o Alcalde do Concello e o representante da Asociación A Concordia e que seguen conservándose todas as peculiaridades que había no Convenio anterior.

Pasado a votación o asunto epigrafiado, polo Pleno Municipal, por nove votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG, PSG-PSOE e UPRI) e catro abstencións (dos membros do Grupo Municipal Popular), en votación ordinaria, á vista do referido convenio acórdase:

1º. A aprobación do Convenio, nos propios termos do mesmo, segundo documento obrante no expediente, entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e de Benestar e o Concello de Ribadeo para a xestión do Centro de Día “A Concordia” de Ribadeo, composto de nove apartados e o Anexo I no que figura de xeito específico que o Consorcio xestionará o Centro de Día respectando o Convenio asinado entre o Concello de Ribadeo e a Asociación Local A Concordia.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin do acordo adoptado.

2007/04/50.- DACION DE CONTA DA RESOLUCION DA ALCALDIA SOBRE A NOVA COMPOSICION DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Por parte do Sr. Alcalde dase conta ó Pleno da Resolución de data 9 de xullo de 2007 que se transcribe de seguido:

“DECRETO DE COMPOSICION DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

Resultando, que por anterior Resolución desta Alcaldía de 21 de xuño de 2007 se fixou a composición da Xunta de Goberno Local, da que se deu conta ao Pleno na sesión de 27 de xuño.

Considerando, que polo Pleno Municipal en sesión extraordinaria urxente de data 7 de xullo de 2007 aprobouse unha proposta da Alcaldía, na que entre outros puntos figuraba a modificación da composición da Xunta de Goberno Local no senso de incorporar á mesma a un Concelleiro do Grupo Municipal Popular e outro do Grupo Municipal Socialista, por ser xunto co BNG os Grupos maioritarios da Corporación,

Visto o disposto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das E.Locais (RD 2568/1986, de 28 de novembro).

RESOLVO:

1º Cesar como membro da Xunta de Goberno Local ao Concelleiro D.Horacio Cupeiro Rodriguez, cesando igualmente como Tenente de Alcalde por imperativo legal de conformidade co disposto no artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das E.Locais.

2º Nomear como membros da Xunta de Goberno Local a D.José Carlos Rodriguez Andina do Grupo Municipal Popular e don Balbino Enrique Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, polo que , baixo a Presidencia do Alcalde, estará constituída polos Concelleiros seguintes:

Dona María Luz Alvarez Lastra (BNG)
D.Vicente Castro Reigosa (BNG)
D. José Carlos Rodriguez Andina (PP).
D.Balbino E.Pérez Vacas (PSOE)

3º Dar conta desta resolución ó Pleno na primeira sesión que celebre e publicar a mesma no BOP, así como efectuar unha notificación individualizada aos mesmos de conformidade co disposto no artigo 46 do ROF.”

O pleno dase por enterado e cumprido o trámite de dación de conta da resolución epigrafiada.

2007/05/51.-PETICION DE SUBVENCIONS AO ABEIRO DA ORDE DE 20 DE ABRIL DE 2007 REGULADORA DA CONCESION DE SUBVENCIONS AOS CONCELLOS DE GALICIA PARA A REDACCION DE INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANISTICO PARA PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL E PEPRI DO CASCO ANTIGO DE RIBADEO.

Dase conta do dictame favorable da Comisión Informativa de 12 de xullo de 2007 que se transcribe de seguido:

“Por Secretaría dase conta aos membros da Comisión da necesidade de adopción dun acordo plenario de conformidade co disposto no artigo 5º apartado f) da Orde de 20 de abril de 2007 reguladora da concesión de subvención saos Concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, importando o presuposto elaborado as cantidades de 46.403,00 euros Plan Xeral de Ordenación Municipal e de 209.316,50 para o PEPRI do casco antigo de Ribadeo.

A Comisión dictamina favorablemente por unanimidade o asunto para a súa aprobación polo próximo Pleno municipal.”

Sen promoverse deliberación , polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

1º. Solicitar ao abeiro do disposto na Orde de 20 de abril de 2007 epigrafiada a concesión de dúas subvención sao Concello de Ribadeo para a redacción dos instrumentos de planeamento urbanístico seguintes:

- a) Plan Xeral de Ordenación Municipal: Realización de traballos complementarios por importe de 46.403,00 euros.
- b) Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Ribadeo (PEPRI): Adaptación á Lei e finalización dos traballos de redacción, por importe de 209.316,50 euros.

2º. A aceptación dos requisitos da convocatoria.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin do acordo, en nome e representación do Concello.

2007/06/52.- CREACION DA XUNTA DE PORTAVOCES DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO E ADOPCIÓN DE ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta igualmente do criterio favorable da Xunta de Portavoces de Grupos Políticos do Concello de data 12 de xullo de 2007 que se transcribe de seguido:

“Deliberase respecto á necesidade de proceder á aprobación por parte do Pleno municipal da constitución deste órgano debendo determinarse polo mesmo as súas funcións e tendo na actualidade dentro do proceso de selección de persoal laboral temporal unha función de coñecemento ou dacción de conta por parte da Alcaldía a este órgano das contratacións efectuadas por razóns de urxencia e de interese público sen seguir o procedemento xeral establecido.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina propónse que a Xunta de Portavoces poida ser convocada tanto a iniciativa da Alcaldía como a iniciativa de a lo menos dous dos Grupos Políticos da Corporación, criterio que é aceptado pola totalidade dos portavoces.

Asimesmo acéptase o criterio por unanimidade de que a Xunta de Portavoces se pronuncie naqueles casos en que por razóns de axilidade no funcionamento administrativo se considere convinte, e cando existan a urxencia para adopción de acordos de interese que non permitan a convocatoria das Comisións informativas correspondentes.

Por parte da Alcaldía sinálase que se someterá unha proposta ao Pleno Municipal para que o funcionamento da Xunta de Portavoces sexa obxecto do acordo plenario correspondente reflicindo os criterios expresados nesta reunión.”

Sen promoverse deliberación , á vista da proposta obrante no expediente, o Pleno Municipal, por unanimidade en votación ordinaria adopta os acordos seguintes:

1º. De aprobación da constitución formal da Xunta de Portavoces de Grupos Políticos do Concello de Ribadeo.

2º. A referida Xunta de Portavoces terá a regulación básica seguinte:

Composición e constitución.—

1.A Xunta de Portavoces, órgano deliberante e consultivo do Concello de Ribadeo , está presidida polo Alcalde e a integran os portavoces dos grupos municipais que teñen representación no Pleno Municipal. Cando o Alcalde asuma o carácter de portavoz do seu grupo no pleno non existirá na Xunta outro representante da mesma formación política.

2. A Xunta de Portavoces quedará constituída por resolución do Alcalde, tan pronto como se houbera formalizado a designación dos seus integrantes.

3. As modificacións da súa composición se axustarán o mesmo trámite da constitución.

Funcions.—

1. Corresponde a Xunta de Portavoces, con carácter xeral examinar a orde do día ou asuntos específicos do mesmo, das sesións ordinarias ou extraordinarias do Pleno Municipal cando non fora posible a convocatoria ou celebración da Comisión Informativa correspondente ou a natureza do asunto o requira e, en particular, de ser o caso, as seguintes cuestións:

- a) Determinar os asuntos incluídos na orde do día sobre os que se vai a entablar debate.
- b) Establecer o orde de intervención dos grupos.
- c) Fixar os tempos no debate.

2.-A recepción da dación de conta pola Alcaldía das contratacións laborais efectuadas por razóns de urxencia e interese público sen seguir o procedemento xeral establecido, conforme ó disposto nas bases reguladoras

3.- A Xunta de Portavoces se pronunciará, con carácter xeral, naqueles casos en que por razóns de axilidade no funcionamento administrativo se considere convinte, e cando exista a urxencia para a adopción de acordos de interese que non permitan a convocatoria das Comisións Informativas correspondentes.

4.- Podrá ser tratada pola Xunta de Portavoces, ademáis, calqueira outra cuestión relacionada con funcionamento das sesións dos Pleno Municipal, ou que éste órgano lle encomendé.

Convocatoria.-

A Xunta de Portavoces poderá ser convocada tanto a iniciativa da Alcaldía como a proposta de a lo menos dous Grupos Políticos da Corporación.

Actas.-

De cada reunión da Xunta de Portavoces se levantará, pola Secretaría Xeral da Corporación, acta sucinta de conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aos efectos procedentes.”

2007/07/53.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos e preguntas do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI.-

Por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo de UPRI formulanse á Alcaldía as preguntas que se transcriben a continuación e que son respostadas pola Alcaldía segundo se reseña:

Pregunta do Sr. Rivas Alvarez, respecto a bandeiras no Salón de Sesións.-” O pasado 20 de xuño no programa Plató Abierto da ORT, nunha entrevista concedida polo Sr. Alcalde no Salón de Plenos aparecen de fondo as bandeiras de Galicia no centro e europea á dereita dende a perspectiva do espectador. O pasado 7 do presente mes de xullo no diario EL PROGRESO, Edición A Mariña nun acto no mesmo Salón de Sesións, que aparece o Sr. Alcalde e a Concelleira de Cultura, se ven colocadas de igual xeito e só aparecen esas dúas no fondo da fotografía. O pasado mércores nas comisions informativas aparecían colocadas presididas pola bandeira galega no centro, a europea a dereita e a española a súa esquerda.

¿Por qué se cambia a colocación institucional das bandeiras? ¿A qué se debe tal variación? ¿Vai a ser esta unha norma a seguir mentras ocupe a Alcaldía?”

Por parte do Sr.Alcalde respóndese que hoxe deben estar ben postas, e que descoñece se se cambiaron ou non , e que descoñece a perspectiva dende a que a cámara enfoca á persoa ou en todo caso a persoa que esteña con él, e non sabe se de refilón sale unha bandeira ou outra, e que o seu Grupo a verdade é que non van facer ningunha guerra de bandeiras.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez repregúntase que non poden aparecer dúas sen aparecer a de España no medio de ambas.

O Sr.Alcalde respóndelle que o descoñece pero que tomarán nota, e o Sr.Rivas Alvarez dille que pide que se manteña.

O Sr.Alcalde contesta que ben.

Rogo relativo á balsa de lixiviados.-

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se formula o rogo seguinte: “Que se vacie a balsa de lixiviados do antigo vertedoiro e se proceda á reparación da súa cuberta.” E pregunta: “¿Aceptase o rogo ou non se acepta , non?”, e dí que é para evitar que se siga contaminando o Río de Vilaselán

Por parte do Sr.Alcalde respóndese que sí, pero que o que pasa e que isto daría moito mais para falar que simplemente dicir que se acepta o rogo, e que é claro que están aquí para resolver os problemas herdados, incluso o dos herdados da corporación anterior á que acaba de rematar hai catro anos, corporación donde o Sr.Rivas tiña exclusividade na cuestión medioambiental , exclusividade incluso exclusiva, donde a ninguén lle deixaba que metera os fuciños por dicilo dalgunha maneira un tanto ordinaria.

Prosegue manifestando o Sr.Alcalde que entón si que é certo que a balsa de lixiviados hai que valeiralas , que pensa que é certo que nunca se valeiron no mandato anterior, pero que pensa que desde que se selou o vertedoiro nunca, agas unha vez que cree recordar, e que cree que daquela o presidente da Asociación de veciños de Ove pode acreditarlo e non ten porque non creer na súa palabra , pero desdelogo só se valeiron unha vez e cree que os camións de lixiviados foron a parar ao Río de Vilaselán sen mais ou algo así. Por lo tanto.

O Sr. Rivas Alvarez replica que está mentindo, e que as facturas da empresa que fixo ese vaciado, que están abaixo , podense comprobar .

O Sr. Alcalde á súa vez replicalle que cree que nese vaciado e nas facturas de esa empresa, nun proxecto de esa empresa tamen figuraba a apertura dunha pista polideportiva, salvo que estea oculta polos eucaliptos e polas acacias que ocultan o depósito selado que esta como o Macchu Pichu antes de estar descuberto, e que pensa que poden falar moito longo e tendido.”

O Sr. Rivas Alvarez, á súa vez dí que isto non era para un debate, e que efectivamente no proxecto orixinario íase facer unha pista polideportiva, pero os técnicos aconsellaron deixar reposar o terreo para facer a pista polideportiva despois, e que a situación que ten agora mesmo non é para facer unha pista polideportiva máis ben e para facer un concurso de rasro de xabaril.

O Sr. Alcalde á súa vez contesta ao Sr. Rivas Alvarez que xa e que non sabe se sería recomedable que estivese repousando e que non sabe onde estarán os cartos, que dende logo non está repousando no Concello.

O Sr. Rivas Alvarez pregunta ó Sr. Alcalde: ¿Os cartos de que?

O Sr. Alcalde resposta ao Sr. Rivas Alvarez que os que había contemplados para crear no vertedoiro unha pista polideportiva, e por parte do Sr. Rivas Alvarez á súa vez se dí que en todo caso, debéra comentallo a empresa que fixo esa obra e a Xunta de Galicia que a rematou, e alguén pode pensar en cousas ou en intereses, pero quen a rematou foron os mesmos, e o Sr. Alcalde lle dí que non sabe, ao que manifesta á súa vez o Sr. Rivas Alvarez que dende logo os cartos e os intereses de esa obra manexounos unicamente a Consellería e o Concello puxo para o selado e foi o concello o que menos de toda Galicia que foi o 10% e o resto puxeran o 20%.

O Sr. Alcalde contesta que xa se falará do asunto pero que cree que mañá ven un representante da Consellería de Medio Ambiente para tratar o tema pola situación actual do vertedoiro, do selado do mesmo, e así que por suposto que aceptan o rogo, por responsabilidade, porque o teñen que facer, pero dende logo significando que lles parece un pouco curioso.

O Sr. Rivas Alvarez á súa vez dí ao Sr. Alcalde que hai unha situación que hai que solucionar e o Sr. Alcalde dí que claro, pero que a teñen que solucionar sin ver, porque veu dado, non de xa hai tempo, senon porque ven dado, e que ben, que rogo aceptado.

Pregunta sobre a antorcha de gas.-

O Sr. Rivas Alvarez pregunta de seguido: ¿Onde está a antorcha-queimador do gas metano, e se desapareceu e que saber se sabe o equipo de goberno onde vai.?

O Sr. Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, Sr. Cupeiro Rodríguez, resposta á súa que cree que de algo de eso pode falar, e que efectivamente a antorcha desapareceu non se ve, pero o que esta moi claro e que dende que estivo o Sr. Rivas Alvarez, daba igual que estivera, que que non estivera, porque xa sabe, isto sería pero desto xa falarán noutro momento, que non é o día máis axeitado para falar desta tema hoxe, e xa falarán con pelos e sinais sobre o tema e que lle parece que o Sr. Rivas Alvarez non é a persona máis indicada precisamente, aínda que ten todo o dereito porque é un representante dos veciños, a facer este tipo de propostas pero cree que haberá tempo de sobra para clarificar todo este tema, porque están nel, e que entón a antorcha de verdade, que non se ve, debéra estar e non pode dicir se existe ou senon existe.

Prosegue a intervención do Sr. Cupeiro Rodríguez que dí que o Sr. Rivas Alvarez sabe que o asunto era como para escribir un libro sobre o tema, e que xa no ano 2001 como Presidente

da Asociación de veciños presentou unha denuncia no Concello referente á antorcha que non estaba queimando o biogas, e precisamente tamén respecto á emanación de lixiviados ao río de Vilaselán cando o Sr.Rivas Alvarez estivo de Concelleiro, durante dous anos con posterioridade, e parece que o Sr.Rivas Alvarez está a olvidarse das reunións que tiveron cunha enxeñeira de Urbaser, pero que o Concelleiro que está a falar ten moi boa memoria e o ten ben anotado, e que cree que o público non sabe do asunto e que cree que é mellor que outro día falen do asunto con datos e que hoxe non merece a pena falar máis do tema. O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte lle dí que esa situación non será do que se dí , e do que está a falar e do río e o Sr.Cupeiro Rodriguez dí que estivo alí o viu, e por parte deste se resposta que despois xa o explicará máis polo miúdo.

Rogo rerlativo a entorno do Colexio Sagrado Corazón.-

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se formula o rogo de que se elimine o macro vertedoiro incontrolado existente na antiga Estación vella do tren e se adecente o entorno do Colexio Sagrado Corazón, e que considera que é é unha actuación cree que prioritaria a acometer.

O Sr.Alcalde resposta que rogo aceptado.

Rogo relativo a reparación da beirarrua da Avenida de Luarca

O Sr. Rivas Alvarez formula igualmente o rogo seguinte:”Que pola brigada de obras se proceda a reparar o burato existente no bordillo da acera da Avenida de Luarca, que leva máis de 6 meses cun valo, aproveitando agora que a comunidade escolar está de vacacións.

O Sr.Alcalde asinte aceptando o rogo.

Pregunta sobre obras das Rúas Deputación e San Lázaro.-

Pregunta tamen o Sr.Rivas Alvarez,: “¿Por qué están paradas as obras da Rúa Deputación e San Lázaro?”.

O Sr.Alcalde contesta que porque recibiron unha comunicación da empresa solicitando un aprazamento ata despois do verán, porque entenden que o segundo tramo, o da rúa Diputación, podía entorpecer o tráfico durante a época estival, e entón estimaron que se debería proseguir as obras despois das festas da Patrona por eso mesmo.

Rogo sobre obras na zona do Cargadoiro.-

Formulase por parte do Sr.Rivas Alvarez asimismo o rogo seguinte.” Na zona do Cargadoiro, estanse a acometer unhas obras de reparación da calzada que se afundira, cunha caseta de obra situada sobre a acera. Rogo se habilite un paso alternativo para os peóns ben con madeira ou outro material, pero que se facilite tanto o paso de peóns como o de sillas de nenos ou de persoas con minusvalías, e que non sería costoso hoxe.”

O Sr.Alcalde resposta que estudiarán o tema para darlle a mellor solución posible.

Rogo relativo a verquidos en Ove.-

Tras facer referencia o Sr.Rivas Alvarez a que entre Freiera Nova e Casas Novas , na area recreativa situado no mesmo lugar , hai unha zona onde estiveron tirando escombros, unha

zona que esta bastante deteriorada, perto dunha zona onde se plantaron árbores provenientes de Nadal, formula o rogo de que se eliminen os vertedoiros incontrolados en Ove, entre Frieria Nova e Casas novas e se desbroce a área recreativa situada no mesmo lugar. O Sr.Alcalde resposta que non o sabe, que o descoñece.

Pregunta sobre escombros da obra do Cantón.-

O Sr.Rivas Alvarez pregunta igualmente se sabe o Equipo de Goberno onde se depositaron os escombros da obra do Cantón.
Por parte do Sr.Alcalde se dí que o descoñece.

Rogo relativo a recollida de lixo.-

O Sr.Concelleiro de UPRI Sr.Rivas Alvarez, roga que se recolla un colchón ao lado do contenedor do final da Rúa Rosalía de Castro e uns materiais ao lado dos contenedores da praia das Catedrais así como un moble-cama aquí o lado no Cantón (parte posterior).

O Sr. Alcalde dí que ó remata-la sesión que llo precise.

Pregunta relativo a adxudicación do Punto Limpo e Depósito de escombros.-

Por parte do Sr.Rivas Alvarez fórmulanse as seguintes preguntas: ¿Adxudicouse o Concurso do Punto Limpio e do Depósito de escombros? ¿Cando se vai adxudicar? ¿Quen xestiona esta instalación na actualidade?”.

Respostase por parte da Alcaldía que no se adxudicou, que cree que o expediente esta de Corporación pasada , que está en Secretaria , e que quen o xestiona na actualidade entende que de maneira tacita é quen o veu xestionando estos catro anos, e que nada mais.

Por parte do Sr.Perez Vacas do Grupo Municipal Socialista manifestase que non vai facer rogos ou preguntas nesta sesión.

Rogo do Sr.Duarte Díaz, do Grupo Popular relativo a instalación de bancos na zona de O Cargadoiro.-

Tras afirmar o Sr.Duarte Díaz que unha pregunta que ía facer xa se fixo , fai referencia a que , os domingos vai algo pola zona do Cargadoiro , e que o Sr.Rivas Alvarez ten toda a razón do mundo respecto a caseta que hai ali, e ademais non hai obra ningunha , e que a xente ten que bordear a caseta ,é un perigo , e hai un desnivel e pode caer calquera persoa.

Prosegue manifestando que ve que os domingos reunense ali bastantes persoas maiores na zona do Cargadoiro , e hai nada mais un banco que teña sombra, e que lle pediron a ver si habia posibilidade de colocar máis, e parecelle que ao Sr.Castro Reigosa tamen llo dixeron, e pide polo tanto que se coloque algun banco cerca dos eucaliptos para que poidan facer as súas tertulias os maiores e que considera que debe axudarse as persoas maiores nestas pequenas cousas, ou sexa é un rogo, e pide se o poden aceptar.

O Sr. Alcalde contesta que rogo aceptado

Sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr.Alcalde levanta a sesión extendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

